



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. AXENCIA TRIBUTARIA

REUNIÓN MESA XERAL da AEAT 22 de outubro do 2020

No día de onte tivo lugar a reunión da **Mesa Xeral** sobre a proposta de modificación do “**Acordo AEAT - Sindicatos sobre medidas a adoptar nos centros de traballo dependentes da AEAT con motivo da nova normalidade, de 19 de xuño de 2019**”, en relación coa necesidade de actualizalo, garantindo a prestación do servizo público a través da apertura dos centros da AEAT e do dereito ao traballo non presencial por parte dos colectivos de traballadoras e traballadores prioritizábeis.

Cabe dicir que despois dunha intensa negociación logrouse consensuar un documento, entre a Administración e toda a representación social, que aínda que insuficiente recolle algunhas das reivindicacións prantexadas pola **CIG**.

Dende a **CIG** manifestamos que en plena expansión da pandemia non era o mellor momento para modificar o devandito acordo, e que se debería haber convocado a Mesa de Saúde Laboral. Nós defendemos, coma sempre, que é necesario achar un equilibrio entre a prestación dun servizo público esencial como é o proporcionado pola AEAT, e que non nos consta que en Galiza estivese desatendido, e o dereito á saúde do persoal laboral e funcionario que presta este servizo, especialmente os dos colectivos a priorizar pola súa vulnerabilidade ou por mor de necesidades de conciliación. Asemade, consideramos que protexendo a saúde do persoal da AEAT estamos protexendo a saúde da cidadanía que acode ás nosas oficinas.

Entre as medidas acordadas podemos destacar que será prioritaria a limitación dos aforos que recolle o Plan de actuación da AEAT fronte o SARS-CoV-2, e que en función da evolución da pandemia, poderán reducirse os días de presencialidade previstos, ou establecerse sistemas de rotacións, quendas, grupos de traballo, etc. Por parte da **CIG** defendemos que non é tempo de aumentar a presenza do persoal nos centros de traballo, senón de

CIG - Axencia Tributaria

Delegación AEAT A Coruña

Tfne: 981 61 68 89 Ext: [868 89](tel:981616889) - Fax: 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. AXENCIA TRIBUTARIA

flexibilizar e regular mellor o traballo presencial para evitar posíbeis discriminacións e agravios comparativos.

Asegura tamén, a posibilidade do traballo non presencial para todo o persoal con fillos menores de 14 anos que teñan que pasar corentena ou illamento domiciliario por contacto con outros alumnos afectados polo Covid-19, peche de centros educativos, aulas ou garderías, durante o período de duración desta corentena ou peche.

Finalmente o acordo contempla a constitución dunha Comisión de Seguemento, con representación das organización sindicais, na que se poderán analizar as situacións que se poidan ir xerando nos distintos ámbitos da AEAT. Ademais, poderán canalizarse as incidencias que poidan producirse a través do buzón da Subdirección General de RR.LL.

OUTROS

Solicitada información sobre o estado dos procesos selectivos e de mobilidade, a Administración unicamente informa de que está prevista a incorporación antes de final de ano, das adxudicatarias e adxudicatarios do Panel do Subgrupo C2 (2020P04), e en relación á nova promoción de Axentes do Servizo de Vixilancia Aduaneira, informan que se suspenden as prácticas presenciais na Escola de Policía de Ávila pola aparición dun gromo de Covid-19, pasando a realizarse de xeito telemático a partires de primeiros de novembro.

Seguiremos informando!

CIG - Axencia Tributaria

Delegación AEAT A Coruña

Tfne: 981 61 68 89 Ext: [868 89](tel:981616889) - Fax: 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM